

EXPEDIENTE: 2023/E001/000009 (Relacionado con 2022/E001/000014)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS, DUNHA PRAZA DE ANIMADOR/A CULTURAL, GRUPO III, NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE DODRO, INCLUÍDA NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022

TRÁMITE: ACTA 2

En Dodro, sendo ás 14:55 horas do día 18/03/2024, reúnese na Casa do Concello de Dodro o Tribunal Cualificador encargado do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Animador/a cultural, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Dodro incluída oferta extraordinaria de emprego público extraordinaria do ano de 2022 (BOP núm. 102 do 31/05/2022 e no DOG núm. 103 do 31/05/2022). As bases foron aprobadas por Resolución da Alcaldía número 675/2022 de 30 de decembro de 2022 e pola Resolución da Alcaldía número 6/2023 de 17 de xaneiro de 2023 de corrección de erros.

O anuncio e as bases xerais e específicas da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o luns 23 de xaneiro de 2023 (BOP núm. 15) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

O anuncio da convocatoria dos procesos selectivos, polo sistema de concurso, correspondentes ás prazas de estabilización do emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 13 de marzo de 2023 (DOG núm. 50).

No Boletín Oficial do Estado publicouse a "*Resolución de 15 de marzo de 2023, del Ayuntamiento de Dodro (A Coruña), referente a la convocatoria para proveer varias plazas*"

Presidenta:

Titular: María José Rodríguez Expósito, funcionaria do Concello de Dodro.

Vogais:

Titular: María Elisabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Titular: María Lourdes Diéguez Rarís, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Secretaria:

Titular: Sandra María García Chenlo, secretaria-interventora do Concello de Dodro.

Escusa a súa ausencia a vogal Rosario Ríos Rey, persoal laboral fixo do Concello de Rois.

Dáse conta de que en sesión realizada o 22/02/2024, o Tribunal acordou:

*"Primeiro.- De conformidade co disposto nas bases aprobadas para o presente procedemento de selección, PROPOÑER Á ALCALDÍA o nomeamento como Animadora cultural, persoal laboral fixo Grupo III, a Natividad Lorenzo Campos, con DNI ***228*** por ser a persoa que superou o proceso de selección.*

Segundo.- De conformidade co disposto na base 12 das que regulan o proceso PROPOÑER Á ALCALDÍA a creación dunha bolsa de traballo coas persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo, seguintes:

1.- ANDÚJAR GARRIDO, CRISTINA, con DNI ***450***

Terceiro.- Publicar as cualificacións finais das persoas aspirantes na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro. O prazo de presentación de alegacións ou reclamacións será de 10 hábiles seguintes á publicación."

Con data 23/02/2024 procedeuse á publicación da acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello de Dodro.

Durante o período outorgado foron presentados os seguintes escritos de alegacións:

Interesado/a	Data de presentación	Núm. Rexistro entrada
CRISTIÑA ANDÚJAR GARRIDO	28/02/2024	202490000000179

Procédese ao estudo da citada alegación na que se expón que "Na puntuación de experiencia en servizos prestados no Concello de Touro outorgáseme 0 puntos por non aportar certificado asinado do Concello de Touro. Ao non ter sido puntuado achego o mesmo certificado asinado dixitalmente, así como tamén o certificado asinado con data actual. SOLICITO Que se acepte o certificado e se proceda a súa valoración. "

Tralo exame dos certificados aportados e o seu cotexo coa documentación que constaba no expediente, entende o tribunal que a puntuación a outorgar é a seguinte:

- Servizos prestados noutras administracións locais: (92 meses Concello de Touro) 18,40 puntos.

En consecuencia, procede modificar a valoración efectuada en sesión realizada o 22/02/2024, outorgando 18,40 puntos no apartado de experiencia profesional, servizos prestados noutras administracións locais.

Visto todo o anterior, o tribunal por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Estimar a alegación presentada por CRISTIÑA ANDÚJAR GARRIDO data 28/02/2024 con núm. R.E. 202490000000169 e en consecuencia outorgar a seguinte puntuación no apartado experiencia:

- Servizos prestados noutras administracións locais (92 meses): 18,40 puntos

SEGUNDO.- Outorgar as seguintes puntuacións definitivas obtidas polos/ás candidatos/as:

ANDÚJAR GARRIDO, CRISTINA		Puntuación
Experiencia profesional	Servizos prestados na Vinte e dous meses (22 meses) entidade local convocante	13,20 puntos
	Servizos prestados noutras Noventa e dous meses (92 administracións locais meses)	18,40 puntos
TOTAL EXPERIENCIA		31,60 puntos
Formación	Cursos de formación Proxectos culturais para xente	30 puntos

nova	
*	
TOTAL FORMACIÓN 30 puntos	
puntos	TOTAL 61,60

* Alcanzada a puntuación máxima en formación, o Tribunal acorda non seguir avaliando o resto de documentación acreditativa aportada.

CALO POUSO, MARÍA ELENA		Puntuación
Experiencia profesional	Servizos prestados na entidade local convocante	Cero meses (0 meses) 0 puntos
	Servizos prestados noutras administración locais	0 meses (non se trata de posto de igual ou similar natureza na vinculación laboral co Concello de Lalín e ca Deputación de Pontevedra) 0 puntos
TOTAL EXPERIENCIA 0 puntos		
Formación	Cursos de formación Cursos transversais	Non se aporta formación impartida por organismos do apartado b) da base 8 das que rexen o procedemento. 0 puntos
TOTAL FORMACIÓN 0 puntos		
TOTAL 0 puntos		

LORENZO CAMPOS, NATIVIDAD		Puntuación
Experiencia profesional	Servizos prestados na entidade local convocante	Cento trinta e tres meses (133 meses) 70 puntos
TOTAL EXPERIENCIA 70 puntos		
Formación	Cursos de formación	Especialización en xestión cultural: organización de eventos culturais da nova normalidade 30 puntos
TOTAL FORMACIÓN 30 puntos		
TOTAL 100 puntos		

* Alcanzada a puntuación máxima en formación, o Tribunal acorda non seguir avaliando o resto de documentación acreditativa aportada.

CUARTO.- De conformidade co disposto nas bases aprobadas para o presente procedemento de selección, **MANTER a proposta** á Alcaldía para o nomeamento como

Animadora cultural, persoal laboral fixo Grupo III, a Natividad Lorenzo Campos, con DNI ***228*** por ser a persoa que superou o proceso de selección.

QUINTO.- De conformidade co disposto na base 12 das que regulan o proceso, **MANTER a proposta** á Alcaldía para a creación dunha bolsa de traballo coas persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo, seguintes:

1.- ANDÚJAR GARRIDO, CRISTINA, con DNI ***450***

SEXTO.- Publicar as seguintes cualificacións finais das persoas aspirantes na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN EXPERIENCIA	PUNTUACIÓN FORMACIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
LORENZO CAMPOS, NATIVIDAD	***228***	70 puntos	30 puntos	100 puntos
ANDÚJAR GARRIDO, CRISTINA	***450***	31,60 puntos	30 puntos	61,60 puntos
CALO POUSO, MARÍA ELENA	***399***	0 puntos	0 puntos	0 puntos

Sendo as 15:30 h dáse por remato o acto, estendéndose a presente acta que é asinada por todos os membros do tribunal, do que dou fe.

*Presidenta, María José Rodríguez Expósito
Vogais, María Elisabet Domínguez Rodríguez, María Lourdes Diéguez Rarís
Secretaria, Sandra María García Chenlo*